

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Oferta de Emprego Público 2026

EXPEDIENTE: 2026/E003/000001

Considerando que o Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2025, aprobou o Orzamento Municipal para o ano 2026, xunto co Cadro de Persoal desta Corporación.

Visto o Informe do Departamento de Recursos Humanos de data 16 de marzo de 2026, incorporado ao expediente, coa conformidade da Intervención municipal de data 27 de marzo de 2026.

Visto o disposto nos artigos 37, 69 e 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, nos artigos 48 e concordantes da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, no artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 33 e concordantes do Acordo regulador das condicións laborais do persoal funcionario ao servizo do Concello de Teo e o artigo 34 e concordantes do Convenio Colectivo do Concello de Teo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2026, que contén os seguintes postos de traballo:

PERSOAL FUNCIONARIO

Escala	Subescala	Clase	Categoría	Subgrupo	Nivel	N.º Postos	Quenda
Administración especial	Servizos Especiais	Policía	Inspector	A2	24	1	Mobilidade
Administración especial	Servizos Especiais	Policía	Policía	C1	18	1	Libre
Administración especial	Técnica	Técnica/a media/o	Traballador/a social	A2	26	2	Libre
Administración xeral	Técnica		Técnica/o RRHH	A2	26	1	Libre
Administración xeral	Técnica		Técnica/o informática/o	A2	24	1	Libre
Administración xeral	Administrati va		Administrativo/a	C1	22	1	PI - Funcionariza ción

PERSOAL LABORAL

Praza	Categoría	Grupo	Quenda	Número de postos
Oficial Protección civil	Oficial 1ª	C2	Libre	1
Xefa/e de Instalacións e Redes	Técnica/o media/o	A2	Libre	1
Oficial electromecánico	Oficial 1ª	C2	Libre	1
Conserxe / enterrador	Oficial 2ª	C2	Libre	1
Bibliotecaria/o	Técnica/o media/o	A2	Libre	1
Tractorista / palista	Oficial 1ª	C2	Libre	1

Segundo.- Publicar a oferta así aprobada no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Estado, así como no Taboleiro de Anuncios e na páxina web deste Concello: www.teo.gal.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución á Subdelegación do Goberno e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Cuarto.- Convocar as prazas ofertadas en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar desde a súa data de publicación.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz